

ANOMALISA

[Charlie Kaufman/Duke Johnson, 2015]

97

ESTREA EN NUMAX: 23.03.2016 | V.O.S.E. | +16

FICHA TÉCNICA

Anomalisa (2015, 90')

Dirección: Charlie Kaufman, Duke Johnson

Guión: Charlie Kaufman, Duke Johnson

Reperto: David Thewlis, Michael Stone, Jennifer Jason Leigh, Tom Noonan (voces)

Montaxe: Garret Elkins

Dirección de arte: John Joyce

Son: Christopher S. Aud, Aaron Glascock

Música: Carter Burwell

Fotografía: Joe Passarelli

Produtora: Starburns Industries, Paramount Animation (Estados Unidos)

Distribuidora: Paramount Pictures

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

FILMOGRAFÍA

DE CHARLIE KAUFMAN

Synecdoche, New York, 2008

FILMOGRAFÍA

DE DUKE JOHNSON

Beforel Orel: Trust, 2012 [curtametraxe]

Marrying God, 2007 [curtametraxe]

PREMIOS

Oscar 2015 (nomeado á mellor longametraxe de animación). Venecia 2015 (premio especial do xurado). Globos de Ouro 2015 (nomeado ao mellor filme de animación). Annie 2015 (5 nominacións incluíndo mellor filme e dirección).

SINOPSE

O filme ten por protagonista a un motivador profesional que, canto máis axuda á xente, máis monótona e anódina sente a súa propia vida. Até que a voz dunha moza sóalle diferente e séntese disposto a abandonalo todo e a todos por acadar a felicidade con ela.

«Unha reflexión única sobre o amor, a dor e a soidade. Kaufman e Johnson crean un mundo vívido e tristemente verosímil, tan divertido como deprimente, pero precisamente fascinante a causa da súa adurmiñada banalidade»

David Rooney. THE HOLLYWOOD REPORTER



ANOMALISA

[Charlie Kaufman/Duke Johnson, 2015]

Entrevista a Charlie Kaufman e Duke Johnson

Por Jacob Hall

Anomalisa foi en orixe unha obra sonora. De quen foi a idea de levala á animación? KAUFMAN: A obra representouse nun escenario sonoro en 2005, coa colaboración do compositor Carter Burwell, un técnico de son e un elenco que lía o guión. Ese era para min o final da historia. Mais un amigo meu, chamado Dino Stamatopoulos, atopábase no público esa noite e tempo despois fundou un estudio de animación no que traballaba Duke Johnson como director. Dino tiña unha copia do guión pois gustáralle a obra e en 2011 faloume de levala ao cinema en forma de filme de stop-motion. Antes diso eu non tiña idea de facer filme ningún a partir do texto. Foi idea súa.

Tiñas dúbidas de que a obra non funcionase como filme de animación? KAUFMAN: Non é que tivese dúbidas. Era reticente porque non a escribín para ser vista. Foi creada como obra non-visual. O problema non era facer un filme de animación, senón levalo ao plano visual. Mais chegoume a posibilidade nun intre no que me atopaba aberto a toda caste de propostas e aceptei, sempre que eles puideran recadar o diñeiro. Conseguiuse diñeiro para comezar cunha campaña *Kickstarter* e Duke e máis eu puxémonos a traballar na animación.

Como se materializou a vosa colaboración? JOHNSON: Fixemos todo xuntos, a dirección e o desenvolvemento creativo, as escollas formais, etc. De inicio fixemos o deseño de personaxes, aparencia e vestuario. Estas escollas baseáronse en conversas que tivemos Charlie e máis eu durante a concepción do filme, xa fose en persoa ou por teléfono. Cando xurdía algún problema discutiamos até chegar a unha conclusión. KAUFMAN: Trátase dun filme cunha ollada dobre.

Anomalisa é visualmente fermosa máis a súa localización é o máis mundana posíbel: un hotel. Como conseguiron para facer deste

escenario un espazo visualmente atractivo? KAUFMAN: O interesante é que un hotel, aínda que está deseñado para ser visualmente atractivo, é tamén un espazo completamente xenérico. Calquera persoa que vexa o filme tense aloxado nun cuarto similar. Trátase dun cuarto agradábel, coma calquera outro. Conta cun recibidor, un corredor e un bar, coma tantos outros. O aspecto mundano vén ao representalo da maneira máis fiel posíbel e aí ten moita importancia o deseño de produción. Esa é a escolla que fixemos. O público ha recoñecer nas imaxes unha versión perfecta en miniatura de algo que lle resulta familiar, o que provoca certa emoción visual. E atópase marabillosamente alumeado por Joe Passarelli, o que contribúe ao seu acabado visual.

Por mor desta escolla no escenario da historia un pode preguntarse, no comezo do filme, por que escolleron a técnica da animación.

KAUFMAN: Consideramos que a técnica da animación casa moi ben co que queriamos para este filme. Cando se nos pregunta o por que do recurso da animación nos respondemos, é por que non? Trátase dun medio coma calquera outro para facer un filme. Coa animación podes facer o que queiras. Ten as súas características evidentes, especialmente na técnica do stop-motion se está feita a man. Sentiamos que ese engado achegaba unha certa alegría ao filme. Duke, Dino e máis eu queriamos impulsar a idea da animación como unha forma, non como un xénero aparte.

Como conseguides que a comedia agrome nun filme coma este?

KAUFMAN: Non sei exactamente o que é a comedia mais gústame escribir cousas divertidas, sempre fixo parte do meu traballo e probabelmente sempre o vaia facer. Mais é preciso que o humor faga parte orgánica da obra que se está a escribir. Non é causa de introducir chistes, teño escrito guións para comedias de situación nos que metes chistes sen maior motivo cá súa propia presenza. Mais nesta caste de obra iso non me interesa. Teño que sentilo como algo orgánico.

Extraído de: <http://www.slashfilm.com/anomalisa-interview-charlie-kaufman-duke-johnson/2/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org